

O QUE CONTOU PELUDEZ DESPOIS DE FACER UN VIAXE A PARIS QUE CO
MENZOU O 6 DE MAYO DE 1967 E REMATOU O 17 DO MES.

N-un sitio que non digo, porque non lles convén a eles nin a -
min, atopei unha noite a Don Ibañez y-o señor Grabiél, que me
preguntaron:

-¿E tí non vas a París?

-Non -contesteilles -porque á miña edá xa non quero
facer encargos.

E o señor Grabiél díxome:

-!Sigues sendo un animal con roupa!... Ir a París non
é eso que coidas. Sólo se trata de que os " Amigos dos Casti -
llos" van a facer un viaxe a Francia, onde hay muito que ver.

Eu, que sabia que os dos Castillos é boa xente, que
desde que abren a boca unha hora diante una pedra vella, tamén
se lles abre o apetite, e despois xantan ben e poñéense coma pe
gos dándolle ó dente, dixen sin pensalo máis:

-!Vou a Paris!.

E anque eso de chincar trinta e dous mil reás non -
me acaía muy ben, como o viaxe me daba quince dias de vacaciós
de Filomena, que non son pra dispreciar, e sabendo que o D.Iba
ñez y-o señor Grabiél saben ventear os bos sitios; paguéi os -
cartifios, e n-unha mañá fria como fuciño de can que dorme fora,
arrincamos de Lugo, cando caía unha auguiña, que me daba tanto
gusto como me da una padricazaina do Doutor Tal cando se senta
a falar sin présa.

Antes de salid, o Cruz, mirándonos como o maestro mi
ra os nenos pra saber si se lavaron ou non, contou un a un -
igual que conto eu as ovellas no cortello, por si me falta al-
gunha. Eu virei a cabeza pra ver a xente que iba, e entróume -
una friaxe polo corpo: casi todas eran mulleres e sólo de si -
tio en sitio había un home ciscado polo medio. Dixen pra min:

-Onde pare este auto, os veciños do lugar van coidar
que se pensou un enxame de abellas polo zuído que van facer.

Pregunteille ó señor Grabiél quén era un señor que -
estaba de pé cerca de Amilio, o chaufle, e que nos miraba a to
dos sorrindo muy contento a traveso dos vidrios das entiparras.
Tiña unha máquina colgada ó lombo, y-eu coidéi que era un retra
tista que iba con nos; pero o señor Grabiél díxome que era Don
Luis, o señor Presidente da Cofradia dos Castillos. Que era un
home que sabia muito e que nos daría muitas expriaciós. E an-
que eu coidaba que na Cofradía había máis xente norasténica -
que ben axuciada, resultou verda o que Don Grabiél decia.

Matinando estas cousas, chegamos ó Cebreiro. Nevaba
coma en xaneiro. Pero antes, en Becerreá, cargamos con unha mu-
ller máis. !A carga era do meu gusto porque era unha rapaza --
guapiña e xeitosiña e tal e que sei eu!... Desde alí, volta va
e volta ven, traque, traque, traque, fúmos a parar a Ponferrada.
Cando baixei do coche, no sabia si os pes eran os meus ou os de
Don Alvaro, que tamén layaba de frio. Tomamos algo quente, fixe
mos o que se fai n-estas casos e seguimos viaxe a Benavente, on-
de xantamos n-un local que hastra tiña santos nas paredes. Pará
mos en Burgos. !Alí viña un vento que afeitaba!. Pero vimos a -
Catredal, o Papamoscas e unha rapaza xa vellouta e ben mantida
vestida c-unhos calzós que deixaban adiviñar que estaba bem ce-
bada a miña almiña. Chegamos a Vitoria. Namentras buscábamos on
de oír misa, Don Grabiél pasaba revista de comisario ás vitoria
nas. Pero a min o que mais me gustou foi o crego que dixo a mi-
sa, que tiña unha voz recastada de muller e home, que daría xe-
nio escuitarlle cantar a " Rianxeira".